

Ordenanza fiscal nº 9 – Taxa por retirada, depósito e inmovilización de vehículos

Artigo 1.- Feito imposable

O feito imposable desta taxa está constituído pola prestación de servizo de recepción obrigatoria de:

- A retirada, traslado e almacenaxe de vehículos que se producirá nos casos previstos na lexislación vixente e, en concreto: cando o requiran as autoridades xudiciais ou administrativas; cando o vehículo se encontre en estado de abandono; cando o vehículo se encontre estacionado na vía pública de forma que perturbe, entorpeza ou obstaculice a circulación pola mesma; cando se produza a inmovilización de vehículos polos axentes da autoridade e transcorran máis de 24 horas sen que o condutor ou o propietario proceda a subsanar as deficiencias e a retirar o mesmo.
- O enganche da grúa para levar a cabo a retirada do vehículo, aínda que esta non chegue a producirse por presentarse o propietario e condutor do vehículo e solucionar o problema de tráfico ocasionado.
- A inmovilización de vehículos por medio de cepos ou outros procedementos mecánicos similares para impedir a súa circulación, cando estea previsto nas normas que regulan o estacionamento de vehículos nas vías urbanas, e en concreto se atope estacionado de forma non regulamentaria sen perturbar gravemente a circulación e o seu condutor non estivese presente ou, estando, se negara a retiralo.

Artigo 2.- Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, propietarios dos vehículos que dean lugar ao feito imposable.

Responderán solidariamente co suxeito pasivo, os condutores do vehículo que aparezan como causantes da conduta da que deriva o feito imposable.

Artigo 3.- Cota Tributaria¹

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo prestado, de acordo coas seguintes tarifas:

Enganche da grúa sen que se produza a retirada do vehículo	40,00 €
Inmovilización de vehículos	47,00 €
Retirada e traslado ao depósito por cada vehículo	
Motocicletas e vehículos análogos	55,00 €
Vehículos ata 3.000 kgs	97,50 €
Vehículos de 3.001 ata 5.000 k	122,00 €
Vehículos de máis de 5.000 k de tonelaxe con carga	299,00 €
Depósito de vehículos, por unidade e día ou fracción:	
Motocicletas e vehículos análogos	9,50 €
Vehículos ata 3.000 k	19,00 €
Vehículos de 3.001 ata 5.000 k	39,00 €
Vehículos de máis de 5.000 k de tonelaxe de carga	55,00 €

Artigo 4.- Devengo

- Excepto no caso indicado no punto 2 deste artigo, devéngase a taxa no momento en que interveñan os axentes municipais co fin de retirar, trasladar ou inmovilizar os vehículos.
- Na modalidade de depósito, devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír desde que o vehículo chega ao local destinado ao seu depósito.

Artigo 5.- Xestión

- A taxa esixírase en réxime de autoliquidación e será plenamente compatible coas sancións que procedan de acordo coa normativa en vigor.
- Depósito de Vehículos. Unha vez que se traslade o vehículo ao depósito se cursará comunicación ao titular do mesmo para que se faga

¹ Artigo modificado mediante acordo plenario de 29 de setembro de 2011. Publicado no BOP num 229, de 01/12/2011

cargo do mesmo. A saída do vehículo do depósito deberase autorizar por persoa habilitada para o efecto e os vehículos unicamente poderán ser entregados aos titulares ou persoas autorizadas, previo pagamento da taxa.

3. Inmovilización de vehículos. Os condutores ou propietarios de vehículos inmovilizados solicitarán aos axentes municipais a súa posta en circulación, que só poderá ser levada a cabo previo pagamento da taxa.

Disposición final

A imposición deste tributo foi acordada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998. A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada en sesión plenaria celebrada o día 27/10/1998, sendo modificada posteriormente en sesións plenarias celebradas os días 29/10/2002 e 28/10/2003, 27/04/2004, 26/10/2004, 25/10/2005, 31/10/2006, 25/09/2007, 30/09/2008, 03/11/2009 e 28/9/2010. A presente modificación foi aprobada en sesión plenaria de 29/09/2011. Entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.